

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Introdución ao traballo social				
Materia	Introdución ao traballo social			
Código	O05G220V01105			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Vázquez Pérez, Raquel			
Profesorado	Vázquez Pérez, Raquel			
Correo-e	raquel.vazquez.perez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia destinada a encamiñar ao alumnado na historia da acción social e do traballo social, desde as súas orixes até a actualidade.			

Competencias	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
C8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
C10	Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
C12	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
C13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
C17	Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
C18	Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
C19	Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdoos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C21	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social

C22	Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
C23	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
C25	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D8	Capacidade de xestión da información
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D20	Creatividade
D21	Liderado
D22	Iniciativa e espírito emprendedor
D23	Motivación pola calidade
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O alumnado, tendo en conta o traxecto da disciplina e profesión e tendo en conta as diferenzas entre cada fase do Traballo Social, será capaz de promover actitudes de relacionamento interpersoal.	A2 A3	B3	C8 C13 C14 C20 C22 C23	D19 D20
Baseándose nos coñecementos do Traballo Social o alumnado sera quen de potenciar actitudes de autocrítica, tolerancia e innovación.	A5	B3	C10 C22	D1 D8 D14 D15 D16 D17 D19 D20 D22 D23
Considerar e recoñecer a diversidade cultural e, polo tanto, a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a diferenza e a multiculturalidade como fonte de crecemento persoal e social.	A2	B3	C8 C23 C25	D11 D12 D15 D17 D24
As alumnas e alumnos, en diálogo co decorrer histórico da profesión, serán capaces de comprender as responsabilidades propias do futuro traballador/a social.	A4 A5	B3 B6	C8 C10 C12 C13 C14 C17 C18 C19 C20 C21	D14 D18 D21 D22
O alumnado será capaz de aprender a traballar en equipo multidisciplinar e/ou interdisiciplinar.	A2 A3	B6	C20 C21	D2 D11 D12 D14 D19 D23

Tendo en conta o acervo da disciplina o alumnado será quen de comprender o sentido do respecto cara as persoas usuarias.	A2	B3 B6	C17 C23 C25	D3 D8 D14 D17 D18 D19 D21 D24
O alumnado terá capacidade de adaptarse a situacións novas.	A5	B6	C17	D3 D10 D19 D20 D22
As alumnas e alumnos estarán en condicións de realizar unha aprendizaxe autónoma, crítica e continuada.	A2 A5	B6	C10 C17 C20 C25	D2 D16 D18
Os alumnos e alumnas da materia estarán en condicións de contar con actitudes e habilidades propias do traballo científico e da investigación social e de actualizar os seus saberes, e a procura destes, de forma permanente.	A3 A5	B6	C10 C22 C23 C25	D8 D16 D18 D20 D23
A materia posibilitará sensibilizar de forma crítica e ponderada a respecto de temáticas de concienciación social.	A3	B6	C8 C14 C21 C25	D1 D3 D15 D16 D17 D24

Contidos

Tema	
TEMA 1: Historia da acción social.	Introdución á historia da acción social. A axuda ao necesitado na Antigüidade. O cristianismo e a caridade nos inicios da Idade Media europea. Formas de acción social na Idade Media europea: esmola, axuda mutua e apoio público. Concepción da pobreza e Reformas na acción social a partir do século XII.
TEMA 2: Antecedentes do traballo social	J.L.Vives e Vicente de Paúl: precedentes do traballo social. O debate sobre a pobreza no Renacemento. Contexto sociopolítico das revolucións industrial e ilustrada. Formas de asistencia social a partir do século XVIII: filantropía e beneficencia. Outros autores relevantes como antecedentes do traballo social
TEMA 3: Nacemento e evolución do traballo social	Marco histórico-social do século XIX. A cuestión social. A estruturación da axuda ao necesitado no século XIX. A asistencia social na COS (Charity Organization Society). Mary Ellen Richmond: o nacemento do traballo social. Jane Addams. A consolidación do traballo social: profesión e disciplina. Os primeiros centros de formación e as primeiras organizacións profesionais.
TEMA 4: Orixe e evolución do traballo social en España	Breve referencia histórica á acción social en España. Concepción Arenal: precedente do traballo social no estado español. A beneficencia no período franquista. Nacemento e desenvolvemento do traballo social no estado. A FEDAAS. As etapas do traballo social en España e a construción do sistema de Servizos Sociais. Traballo Social internacional.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Presentación	3	4.5	7.5
Seminario	11	16.5	27.5
Traballo tutelado	10	16	26
Debate	1	26	27
Exame de preguntas obxectivas	0	40	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Lección maxistral	Exposición, por parte do docente, dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. Bases teóricas e/ou directrices para os traballos e exercicios a desenvolver polo alumnado.
Presentación	Exposición, por parte do alumnado, ante o docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo tutelado, exercicio, proxecto etc. Pódese levar a cabo individualmente ou en grupo.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Empregaranse como complemento das clases teóricas. Desenvolverase en grupo mediano.
Traballo tutelado	Os/As estudantes, de xeito individual ou en grupo, elaborarán aqueles exercicios que se lles encomenden relacionados coa temática da materia e coa súa aprendizaxe. Este traballo será supervisado polo docente no que atinxe á procura e recollida de información, á estruturación correcta do traballo, ao manexo de bibliografía, á boa redacción, á presentación, á exposición etc.
Debate	Diálogos participativos das persoas integrantes da aula sobre temas ou cuestións específicas vinculadas co obxecto da materia. Poden derivar dos contidos da materia ou destes e do seu vínculo coa actualidade. As propostas de tema serán realizadas polo profesorado ou polo alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas das clases teóricas e prácticas, desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorias e en aulas) como non presenciais (consultas vía e-mail).
Presentación	A atención personalizada desenvolverase con antelación á realización das exposicións, tanto a través de actividades presenciais (titorias) como non presenciais (consultas vía e-mail), así como tras as exposicións en aulas, comentando e valorando as exposicións realizadas polo alumnado.
Traballo tutelado	A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas das clases teóricas e prácticas, desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorias e en aulas) como non presenciais (consultas vía e-mail).
Debate	A atención personalizada desenvolverase con antelación á realización dos debates, tanto a través de actividades presenciais (titorias) como non presenciais (consultas vía e-mail), así como durante os debates en aulas, comentando e valorando as intervencións do alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Presentación	Valoraranse as presentacións dos traballos tutelados e as exposicións dos exercicios/actividades solicitados de xeito individual e/ou en grupo. Dependendo do proceso final da actividade as notas serán individuais ou unha común para o grupo. Insírese dentro dos GMs ou GPs.	10	A3 A4	B6		D1 D8 D10 D11 D12 D14 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Traballo tutelado	Valoraranse os exercicios realizados polo alumnado, coa supervisión do profesorado de xeito individual e/ou en grupo. Terase en conta a progresión, interese, innovación, busca de fontes e capacidade de incorporar referencias adecuadas. Insírese dentro dos GMs.	40	A4	B3 B6	C8 C10 C12 C13 C14 C17 C18 C19 C20 C21 C22 C23 C25	D2 D10 D11 D14 D15 D16 D17 D21 D22 D24

Exame de preguntas obxectivas	O exame é unha proba tipo test de 40 preguntas, que pondera un 50% no global, é decir, para aprobar require unha cualificación mínima dun 5 sobre 10. Cada pregunta ofrece catro alternativas de resposta, nas que só unha delas é correcta. Cada 3 respostas erróneas descontarase unha resposta correcta.	50	C13 D8 C14 D10 C17 D11 C18 D12 C20 D15 C25 D17 D18 D19 D20 D21 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

1.Modalidade de avaliación para estudantes asistentes: A planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe concíbese como unha avaliación continua e esixe a presenza do estudantado nas actividades prácticas que se desenvolverán ao longo do curso, en especial naquelas relacionadas coa adquisición de competencias relativas ao saber facer e ao saber ser (procedimentais e actitudinais). Sendo así, esixiráselle ao alumnado a súa presenza nas actividades durante o curso -verificable con listas de asistencia- non podendo faltar a máis de 5 clases prácticas durante o cuadrimestre dun total de 21 clases prácticas distribuídas en 12 de grupo mediano e 9 de pequeno grupo. Avalíase non tanto a simple presenza na aula senón os resultados do proceso de ensinanza-aprendizaxe reflectidos nos exercicios e actividades correctamente realizados. Valórase a participación activa e pertinente tanto nas aulas teóricas como prácticas.

2.Modalidade de avaliación para estudantes non asistentes: Aqueles/as estudantes que opten por non asistir ás aulas prácticas, ou non poidan facelo, ou pretendendo ser estudantes asistentes teñan máis de 5 faltas na parte práctica da materia (grupos medianos e grupos pequenos), terán que demostrar -igualmente que os seus/súas compañeiros/as- a adquisición das diferentes competencias da materia. Isto farano nunha única proba ou exame final o día da proba oficial. O exame neste caso suporá o 100 % da nota do/a estudante e nel diferenciaranse as preguntas da parte teórica daquelas da parte práctica. A parte teórica da materia pódese estudar por completo a través da bibliografía básica recomendada. Canto á parte práctica, esixiráselle ao alumnado que saiba responder aos contidos conceptuais, actitudinais e procedimentais desenvoltos ao longo do curso. Neste senso, o alumnado non asistencial deberá realizar a lectura dun libro ou informe, ou capítulos do mesmo, do que será preguntado na data do exame para valorar o seu desempeño e aproveitamento autónomo. O libro ou texto será indicado polo profesorado. A puntuación das respostas a estas preguntas suporá un 50% sobre a cualificación total.Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás aulas, o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.Para ambas modalidades, de non ter superado a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas novamente na convocatoria de xuño-xullo. As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.3.Convocatoria de xuño-xullo: A nota da primeira proba, no caso de non superar a materia, non consta definitivamente no expediente académico. A cualificación definitiva faise efectiva na segunda proba da materia en xuño-xullo. De non realizarse esta última proba de xuño-xullo, entón si figurará como definitiva a nota acadada na primeira proba. Ao alumnado de modalidade asistencial, no caso de ter que concorrer á segunda proba de xuño-xullo, gardaránselle as notas da parte teórica ou práctica sempre que tivesen acadado un 5 sobre 10 nesa parte da materia. Os/As estudantes non asistenciais terán que repetir o exame completo.Non se gardarán notas de ningunha parte da materia -teoría ou práctica- para seguintes cursos académicos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ADDAMS, J., **Hull House: El valor de un centro social**, Consejo General del trabajo social - Paraninfo, 2014

AGUILAR, M. J., **Concepto y metodología en trabajo social**, Consejo General del trabajo social - Paraninfo, 2013

FERNÁNDEZ GARCÍA, T. e ALEMÁN BRACHO, C., **Introducción al Trabajo Social**, Alianza Editorial, 2003

RED VEGA, N., **Aproximaciones al Trabajo Social**, Siglo XXI, 1993

ANDER-EGG, E., **Historia del trabajo social**, Lumen, 1994

Bibliografía Complementaria

ANDER EGG, E., **Diccionario del Trabajo Social**, Lumen, 1995

BARBERO, J.M., **El Trabajo social en España**, Mira Editores, 2002

CERDEIRA GUTIÉRREZ, I., **Los servicios sociales del franquismo a la Constitución**, Cuadernos de Trabajo Social, nº 0, 1987

HERAS, P. de las, **La construcción histórica de una profesión**, Publicaciones de la UPCO, 2000

PASTOR SELLER, E. e MARTÍNEZ-ROMÁN, M.A. (coords.), **Trabajo Social en el siglo XXI. Una perspectiva comparada**, Grupo 5, 2014

PELÁEZ, E., **Trabajo Social en España. Situación y perspectivas**, Servicios Sociales y Política social, nº 20, 1990

RICHMOND, M., **Diagnóstico Social**, Consejo General del Trabajo Social - Paraninfo, 2008

RUBÍ, C., **Introducción al Trabajo Social**, Euge, 1991

ZAMANILLO, T., **Epistemología del Trabajo Social. De la evidencia empírica a la exigencia teórica**, Ediciones Complutense, 2018
ZAMANILLO, T. GAITÁN, L., **Para comprender el trabajo social**, Verbo Divino, 1991

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Epistemoloxía do traballo social/O05G220V01204
Política social/O05G220V01404
Ética e traballo social/O05G220V01502

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fundamentos dos servizos sociais/O05G220V01104

Outros comentarios

Recomendaranse materiais audiovisuais e literatura relacionados coa materia.

Plan de Continxencias

Descrición

Adaptación de metodoloxías á docencia non presencial de se-lo caso:
Metodoloxías docentes que se modifican:
PARTE PRACTICA DA MATERIA CORRESPONDENTE COS GRUPOS MEDIANO E PEQUENO:
A parte práctica da materia ponderarase, de se-lo caso, nun 70%, distribuída en 50% traballo tutelado do GM (TRABALLOS EN GRUPO)e 20% traballos individuais entregados (GRUPOS PEQUENOS)
No Grupo Mediano poderase crear un FORO en Moovi para o seguimiento do traballo, dúbidas, inquedanzas do alumnado.
Os traballos dos Grupos Pequenos pasarán a ser de xeito individual e emitiranse a través de Moovi ou por email con corrección individualizada posterior.
PARTE TEÓRICA DA MATERIA: Impartirase mediante o Campus Remoto e mediante o uso da plataforma de teledocencia Moovi.
O exame tipo test realizara-se, de se-lo caso, de forma online, variando a súa ponderación, que pasa a ser dun 30%.
As TITORIAS realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, skipe, zoom, foros de Moovic, etc) baixo a modalidade de concertación previa.
Non se modificarán os contidos a impartir.
En ditas circunstancias todo o alumnado terá o mesmo xeito de aprendizaxe a avaliación, tanto o alumnado que nun principio era asistencial como o que nun principio era non asistente